

ANUNCIO

Faise público para xeral coñecemento que esta Alcaldía con data 8 de febreiro de 2017 resolveu aprobar as bases reguladoras do Concurso de disfraces infantil 2018, tal como de seguido aparecen redactadas

“CONCELLO DE PONTEAREAS

BASES DO CONCURSO INFANTIL DE DISFRACES 2018

1.- Poderán participar no concurso infantil de disfraces todos os rapaces a título individual ou colectivo cunha idade máxima de 12 anos.

O concurso terá lugar o luns de entroido, día 12 de febreiro de 2018, a partir das 17:30 horas no Auditorio Municipal de Ponteareas. A inscrición realizarase a partir das 17:00 horas no mesmo auditorio.

O número máximo de participantes será de 100.

2.- Establécense os seguintes premios:

1. Primeiro premio: unha bicicleta
2. Segundo premio: unha tablet
3. Terceiro premio: un mp4
4. Cuarto premio: un mp3
5. Quinto premio: un quebracabezas

Os premios recollidos nestas bases, por un importe máximo de 500.-euros, concederanse con cargo ó orzamento municipal do ano 2018.

3.- O xurado estará integrado por persoas de asociacións culturais e persoas vinculadas coas asociacións participantes nas actividades de Entroido.

4.- O xurado valorará a orixinalidade, colorido dos disfraces, o bo gusto e o traballo na súa realización. Valoraranse especialmente aqueles disfraces que sexan de confección artesanal. Os premiados deben recoller os premios vestidos co disfraz co que se presentaron, sexa a título individual ou colectivo. En caso contrario, serán descalificados. O xurado poderá declarar deserto calquera dos premios.

5.- Calquera cuestión non contemplada nas presentes bases será resolta segundo o criterio da organización, sen estar esta obrigada a comunicalo previamente. A participación neste concurso infantil supón a aceptación das presentes bases.”

O Alcalde, Xosé Represas Giráldez
(Asinado electrónicamente)